

DIVERXE

OBRADOIROS CREATIVOS
PARA CENTROS DE ENSINO



www.diverxe.weebly.com



yolanda castaño



xosé tomás



miguel vázquez freire



marcos calveiro

O NOSO PROXECTO



Conta o francés Daniel Pennac, no seu admirable *Mal de escola*, que el foi de neno un *cancre*, nome co que os franceses designan ao peor alumno dunha clase, o último da clase, diríamos nós. E conta tamén que a institución escolar, coas súas inercias, co seu empeño en tratar de xeito uniforme a individuos diversos, tivo moita responsabilidade en que ata a súa nai pensara del que non ía ser “nada” na vida. Pero na escola igualmente atopou as dúas persoas, dous mestres, que non se deixaron levar pola solución fácil de aceptar a etiqueta de fracasado que todo *cancre* arrastra.

Hoxe Daniel Pennac é un escritor celebrado e, durante un tempo, foi tamén el un mestre entregado a facer da escola un ámbito aberto á pluralidade diferente, diverxente, de cada rapaz e rapaza.

Ás vellas inercias que a escola tradicional (como calquera outra institución, por outro lado) viña arrastrando súmanse hoxe outras novas. Porque acontece que, na actualidade, non son poucos os sociólogos da educación que advirten de que o gran atranco da escola é a imposibilidade de anticipar que aprendizaxes se requiren para formar aos mozos e mozas do futuro. E non o pode saber porque os vertixinosos cambios que está a sufrir a sociedade non permiten predicir cales son as competencias para as que deben ser preparadas as novas xeracións. Esta é tan só unha das razóns polas que a estimulación da creatividade, e os métodos de aprendizaxe non lineais e non repetitivos, constitúen unha esixencia cada vez máis perentoria. Facilitar a formación de personalidades diverxentes, isto é, capaces de non só atopar novas solucións para novos problemas, senón mesmo solucións renovadas e máis eficientes para os vellos enigmas e, o que seguramente é o máis importante nunha sociedade da incerteza, albiscar os novos que o futuro nos depara e anticipar as súas solucións, é un dos obxectivos que está no eixe do proxecto do grupo **DIVERXE**. Non hai neste proxecto, non pode habelo, ningún afán de competir ou corrixir á escola senón, ben ao contrario, de complementala nun ámbito que xeralmente non pode atender debidamente.

Por outra banda, tamén se ten sinalado con frecuencia que o currículo escolar tradicional peca dun exceso “intelectualista”, no sentido de menosprezar, seguindo nisto unha vella tradición de fondas raíces en occidente, o papel das emocións e a dimensión afectiva. Sábese que isto algo ten que ver co lugar tan secundario que se reserva para a educación artística e a formación estética nas ensinanzas básicas da maior parte dos sistemas educativos da nosa contorna, e nomeadamente no predominante entre nós desde hai ben anos. Isto, que é un problema de longa data, tamén se pode estar a acentuar nestes últimos anos por mor dos cambios nas modalidades de comunicación social. No universo das multipantallas no que medran hoxe rapaces e rapazas, o menosprezo da dimensión afectiva – emocional pode moi ben implicar abandonar ás novas xeracións inermes diante do poder manipulador e enormemente persuasivo das imaxes. Cómpre, logo, compensar o déficit de presenza da cultura da imaxe no currículo escolar proporcionando á mocidade instrumentos para interpretar analiticamente, e á vez gozar creativamente, das mensaxes que inundan esa cultura na que todos eles e todas elas están mergullados. E mesmo, o que non é menos importante, estimulando e valorando a capacidade para producir de seu as súas propias mensaxes neses novos medios. Cousa que, desde logo, xa fan eles espontaneamente, pero sen incorporaren a dimensión reflexiva e crítica que só o coñecemento consciente dos potenciais comunicativos que eses medios encerran fai posible. Sen esquecer que, contra o que as veces se difunde, nesa produción autónoma de mensaxes (*chats, sms, twitters...* a última fórmula é, no intre en que a escribimos, xa a penúltima, así de axiña as modas e modos cambian), a expresión escrita (e oral) está tan ou máis presente que a icónica. Por esa razón, no noso grupo concedemos a mesma atención á potenciación da creatividade e a expresión diverxente no espazo literario e da comunicación verboescrita. Porque o que non aceptamos é a errónea concepción que contrapón palabra e imaxe, cultura literaria e cultura icónica.

DIVERXE ofrece, mediante obradoiros sinxelos, que poden estar dirixidos tanto ao alumnado como á formación do profesorado, ou mesmo tamén de calquera persoa interesada en se procurar novos vieiros de expresión, unha modesta contribución orientada a combater esas eivas. **DIVERXE** pretende ser, logo, un grupo aberto á pescuda e experimentación, desexoso de compartir con outros e outras o novo e insólito que tantas veces se agocha atrás de calquera disimulado currunchito.

Texto de Miguel Vázquez Freire



OBRADIRO DE POESÍA

INFANTIL

Obradoiro de iniciación lúdica á linguaxe poética, dedicado a aqueles nenos e nenas que comezan a manifestar un gusto polas letras, unha imaxinación creativa e unha vontade de xogar coas palabras. Dunha maneira desenfadada e moi activa, xogaremos a crear metáforas a partir da realidade circundante, imaxinarlle novas calidades a obxectos.

OBXECTIVOS:

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Fomentar o pracer da escrita poética.
- Desenvolver a creatividade.
- Realizar un obradoiro onde perfeccionar as composicións poéticas.

DESTINATARIAS/OS: Dirixido a alumnado de 2º e 3º ciclo de ensinanza primaria.

Actividade adaptable a unha única sesión concentrada ou programas de maior continuidade no tempo, profundando e ampliando contidos ao longo de 2, 3, 4 ou máis sesións ao longo dun período determinado.

XUVENIL

Traballarase tanto con prácticas de estimulación creativa como reforzándoas a partir de textos que conecten co seu mundo. O amor, o erotismo, a dor, a carraxe ou a liberdade son eixos temáticos que proporcionan, á vez, campos aboados para a experimentación poética.

OBXECTIVOS:

- Promover a lectura de obras de poesía.
- Fomentar o pracer da escrita poética.
- Desenvolver a creatividade.
- Realizar un obradoiro onde perfeccionar as composicións poéticas.

DESTINATARIAS/OS: Dirixido a alumnado de ESO e bacharelato.

Actividade adaptable a unha única sesión concentrada ou programas de maior continuidade no tempo, profundando e ampliando contidos ao longo de 2, 3, 4 ou máis sesións ao longo dun período determinado.

ACHEGAMENTO Á POESÍA

“A poesía non morde”

Charla distendida pero cargada de contidos arredor do xénero poético, as súas claves, códigos e intencións. Exemplificacións prácticas e participativas. Relato máis persoal da experiencia como autora. Rachando tópicos e prexuizos sobre a poesía .

ESPECTÁCULO POÉTICO

Recital multimedia

Espectáculo de pequeno formato. Combinación de recital de textos propios con proxección de videopoésía e pezas de audio pregravado. Un novo e atractivo xeito de comunicar a poesía facéndoa dialogar coa linguaxe audiovisual e as novas tecnoloxías.

(Un exemplo de 'videopoema': <http://youtube/DkSv4wlaTP8>).

Necesidades técnicas:

videoproxector con amplificación de son e pantalla; facultativamente: mesa de mesturas, micro e técnico de son.

“A POESÍA GALEGA DOS ÚLTIMOS ANOS”.

Conferencia -nun ton próximo e distendido- sobre a evolución da poesía nas últimas tres décadas en Galicia, facendo un percorrido dende o remate do socialrealismo ata os nosos días, cun especial detemento na Xeración dos 80 e, sobre todo, na dos 90 (da que a autora fai parte). Claves, circunstancias e características ilustradas co recitado de textos dos e das autoras mencionadas tanto como propios.

“CONTACONTOS EN VERSO PARA NENOS/AS”

Contacontos en verso para primeiros lectores/as arredor das obras da autora: o personaxe do vermiño punki "**PUNVER**" –protagonista de dous libros seus publicados por Galaxia- e/ou de "**Cando eu saiba ler**" –obra de fomento das letras e dos libros publicada igualmente por Galaxia para pre-lectores e primeiros lectores/as-, así como do máis recente "**Verdades**" –un canto rimado a natureza tratando de recuperar o vínculo coa sabedoría popular relativa ás plantas, flores, herbas e árbores cos máis cativos/as- a través dun recital moi expresivo e participativo con todos os nenos e nenas. (Pódese combinar cun obradoiro de ilustración para o mesmo público a cargo de **Xosé Tomás**, ilustrador de dúas das obras citadas).

“ESCRITA E COCIÑA: DOUS PROCESOS CREATIVOS CON MOITO EN COMÚN”

Charla na que se analizan os procesos creativos da escrita e da cociña descubriendo canto hai en común entre a gastronomía e a literatura. Coa vontade de des-solemnizar o pouso grave e transcendental que adoita rodear á literatura, descubriremos como crear textos non resulta tan distinto de elaborar alimentos. Creatividade para alimentar o espírito ou o estómago sobre a páxina en branco ou o mesado da cociña. Sorprenderemos ás figuras da literatura galega contemporánea na intimidade das súas cociñas, pelando patacas ou picando cebola como quen é asaltado no medio do proceso de creación. lustrada coa proxección das sorprendentes, imaxinativas e orixinais imaxes de Andrea Costas que ilustran o libro do que é froito esta actividade, "**Cociñando ao pé da letra**" (2011, Galaxia).

*** NOTA: OS OBRADOIROS DE POESÍA TAMÉN PODEN SER DIRIXIDOS A GRUPOS DE DOCENTES DOS DIFERENTES NIVEIS, ETAPAS E MATERIAS**



OBRADIRO DE ILUSTRACIÓN

Obradoiro de ilustración adaptado a estudantes de todas as idades, dende Infantil até Bacharelato. Con variacións segundo o nivel e a idade dos receptores, analízanse as **relacións entre o texto literario e a imaxe**, o trasvase entre ambos, así como a importancia narrativa da ilustración.

Combinando **exemplos** con **prácticas diversas**, o alumnado viaxa polas diferentes interpretacións e lecturas das palabras ata convertérense en ilustracións, poñéndoo en práctica con **pequenos proxectos**. Trabállase, así mesmo, a **creación de personaxes** dende o punto de vista físico e psicolóxico, e a **elaboración de microhistorias visuais** a partires de técnicas como as de **G. Rodari**.

Segundo o nivel dos asistentes, coñécese a relación existente entre as imaxes dun álbum ilustrado e as figuras retóricas: as **metáforas visuais**, as **hipérboles**, as **comparacións e paralelismos**, e outras.

O obradoiro transcorre nun clima de **constante sorpresa** para os rapaces e rapazas, de **utilización do humor e o paradoxo**, nun intento por espertar e **estimular a súa creatividade**, así como a súa capacidade de comunicar historias con imaxes.

OBRADIRO DE BANDA DESEÑADA

A banda deseñada (ou cómic, ou historieta,...) é unha linguaxe complexa, que integra a imaxe estática, a palabra, e moitos dos códigos cinematográficos, nunha narración conxunta. Entender este medio supón coñecer as súas regras, os seus elementos fundamentais.

Neste obradoiro coñécense as **orixes da banda deseñada**, e analízanse en detalle os diferentes **códigos** que a caracterizan: dende as viñetas, globos, cartuchos, e demais elementos básicos, pasando por outros non tan evidentes, como as elipses narrativas, os raccords, os saltos de páxina, a montaxe das planas, ata chegar a **recursos compartidos co cine**, como os planos, os movementos de cámara, as secuencias, a cadencia narrativa, etc.

Ademais de analizar todos estes elementos con innumerables exemplos, as explicacións alternanse con **postas en práctica** cos asistentes: creación de escenas segundo o tipo de viñeta, elaboración de secuencias con elipses narrativas, invención de microhistorias a través da correcta utilización dos planos, etc.

Trabállase igualmente a **creación de personaxes** dende o punto de vista físico e psicolóxico, e analízanse algúns exemplos de obras cun tratamento dos mesmos exemplar.

Finalmente, explícase o **proceso de elaboración do guión**, coa posibilidade de que o alumnado vexa os bocexos reais, as notas do autor, e todos os elementos que levaron a producir unha obra como **"NÓMADES"** (Galaxia, 2011).

CHARLA: “O ÁLBUM ILUSTRADO: DENDE O PROCESO DE CREACIÓN AO POTENCIAL DIDÁCTICO”

(Dirixido a docentes)

O álbum ilustrado responde a un formato relativamente recente, no que a imaxe adquire unha relevancia especial con respecto ao texto. Este novo produto está dirixido, en moitas ocasións, a nenos e nenas que non saben aínda ler textos, e iso implica que a imaxe cobra unha importancia especial na transmisión das historias.

Nesta charla fálase do álbum ilustrado **dende a perspectiva do autor das imaxes**, e dende a observación do potencial comunicador destas. Coñécense **as partes deste tipo de libro**, as súas **funcións narrativas e estéticas**. Así mesmo, e seguindo a teoría dos “desbordamentos” das imaxes, amósanse unha serie de casos nos que a imaxe vai máis alá do que as palabras din, e fan que as historias se multipliquen, se ramifiquen e, en definitiva, se enriquezan.

Alternando as explicación, ofrécese a **práctica en vivo**, a través de ilustración creadas durante a sesión, de creación conxunta de **microhistorias visuais**, partindo de técnicas na liña de **G. Rodari**.

Finalmente, fálase da importancia do álbum ilustrado na escola, na aula, nas bibliotecas, e nos fogares. De como a eficacia comunicativa debe ter tanto peso como a perfección estética, e de diferentes enfoques que se lle poden dar nun entorno didáctico.

*** NOTA: OS OBRADOIROS DE ILUSTRACIÓN E BANDA DESEÑADA TAMÉN PODEN SER DIRIXIDOS A GRUPOS DE DOCENTES DOS DIFERENTES NIVEIS, ETAPAS E MATERIAS**



O ALUMNADO COMO INVESTIGADOR DOS MEDIOS. COMO ANALIZAR AS MENSAXES AUDIOVISUAIS (CINE, TELEVISIÓN, VIDEOXOGOS, CANCIÓNS)

O TRABALLO COS NOVOS MEDIOS NA AULA. POSIBILIDADES E LÍMITES

MASS MEDIA E EDUCACIÓN EMOCIONAL. OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E A CONSTRUCCIÓN DOS AFECTOS

MASS MEDIA E EDUCACIÓN EMOCIONAL. A REPRESENTACIÓN DAS RELACIÓNS AFECTIVAS E OS ROLES DE XÉNERO NOS MEDIOS (CINE, TV, VIDEOXOGOS, CANCIÓNS)


LITERATURA, CINE, TV E BANDA DESEÑADA. CONTRA A DICOTOMÍA IMAXE VS LIBRO

A ILUSTRACIÓN NO LIBRO INFANTIL. UNHA APROXIMACIÓN HISTÓRICA

CLÁSICOS DA LITERATURA INFANTIL QUE NON DEBEN FALTAR EN NINGUNHA BIBLIOTECA ESCOLAR

OBRADDOIRO "RINOCERONTES E QUIMERAS"

Destinatarios: 3º Ciclo de Primaria, ESO e Bacharelato



Houbo un tempo afastado no que o maxín substituíaa ao coñecemento. Un tempo no que se soñaban quimeras que volvían renacer cada día das súas cinzas.

Un tempo nos que os rinocerontes eran tomados polos lendarios unicornios da mitoloxía clásica e dos contos populares.

Un tempo no que a palabra cativaba ao público e o facía viaxar polo universo todo coa ollada inocente e curiosa dunha crianza.

Volvamos a través da escrita a recuperar ese tempo. Creemos quimeras, soñemos con unicornios.

COMO CONTRATAR | TARIFAS



Os distintos obradoiros e charlas poden ter duracións diferentes, segundo o formato e os destinatarios. Por ese motivo, é preciso que os centros interesados contacten directamente co profesional que realizaría a actividade, para axustar os tempos ás necesidades de cada caso concreto.

TARIFAS ESTÁNDAR:

- OBRADDOIRO/CHARLA DE 60 MINUTOS - 150 EUROS
- OBRADDOIRO DE DÚAS HORAS
(ou 2 obradoiros/charlas dunha hora) - 200 EUROS
- OBRADDOIRO DE TRES HORAS
(ou 3 obradoiros/charlas dunha hora) - 300 EUROS

DESPLAZAMENTOS: PAGARANSE CANDO SUPEREN OS 50 QUILÓMETROS.

COMO CONTACTAR

POESÍA	-	yolandacastano@hotmail.com
ILUSTRACIÓN BANDA DESEÑADA	-	jtomasd@mundo-r.com
LINGUAXE AUDIOVISUAL	-	mvfreire@edu.xunta.es
NARRATIVA	-	marcoscalveiro@mundo-r.com
CONSULTAS XENÉRICAS	-	diverxeobradoiros@mundo-r.com
WEB:		www.diverxe.weebly.com

COMO FACTURAR

Cada conferenciante emitirá unha factura directamente ao centro correspondente.
En todos os casos están exentas de IVE.